



Informe solicitado o 28.05.2020 polo director xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional acerca da **posibilidade, co ordenamento xurídico vixente, de acumular a oferta pública de emprego para o acceso aos corpos docentes regulados na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, no ámbito de xestión da administración educativa galega correspondente ao ano 2020, xa aprobada, coa que eventualmente poida aprobarse correspondente ao ano 2021.**

I. ANTECEDENTES

1. No ámbito educativo, as leis de orzamentos xerais do Estado desde o ano 2011, a través da taxa de reposición, imponen limitacións para cubrir a totalidade dos postos vacantes.

O Acordo de concertación do emprego público de Galicia publicouse no Diario Oficial de Galicia (DOG) do 28.01.2019, ten por obxecto “o desenvolvemento dunha iniciativa plurianual planificada dirixida a incrementar a estabilidade do emprego público dependente da Xunta de Galicia, co obxectivo de reducir a taxa de temporalidade ata situala na contorna do 7 % e sen prexuízo dos acordos sectoriais que permitan acadar unha taxa menor.

Ademais, co presente documento amplíase o Acordo do 18 de outubro de 2017 para o desenvolvemento dun plan de estabilidade no emprego dos servizos públicos (DOG nº 27, do 7 de febreiro de 2018) ás condicións establecidas no II Acordo Goberno-Sindicatos para a mellora do emprego público e as condicións de traballo (BOE nº 74, do 26 de marzo) tal como se establece no punto oitavo do Acordo do 18 de outubro anteriormente sinalado e que dispón: «No suposto de que con posterioridade á sinatura do presente acordo se adoptaren medidas normativas que habilitaren a posibilidade de ampliar o seu ámbito material e subxectivo, as partes adoptaranas no ámbito da Mesa Xeral de Empregados Públicos da Comunidade Autónoma de Galicia».

E tamén é obxecto do acordo o establecemento dun sistema de carreira profesional para o persoal que se recolle na base primeira da sección segunda”.



No Boletín Oficial do Estado (BOE) do 26.03.2019 publicouse a Resolución do 22 de marzo de 2018, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se publica o II Acordo Goberno-Sindicatos para a mellora do emprego público e as condicións de traballo.

En virtude destes acordos, as ofertas de emprego público aprobadas en Galicia entre os anos 2018 e 2019 superaron o límite da taxa de reposición grazas á denominada taxa de estabilización.

2. A disposición transitoria terceira do Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de ingreso, accesos e adquisición de novas especialidades nos corpos docentes a que se refire a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación e se regula o réxime transitorio de ingreso a que se refire a disposición transitoria décimo sétima da citada lei, recolle o seguinte respecto do procedemento de ingreso derivado do artigo 19 da Lei 3/2017, do 27 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2017:

“Os procedementos selectivos de ingreso que se realicen en execución das ofertas públicas de emprego que, ao abeiro do disposto no número 6 do artigo 19.un da Lei 3/2017, do 27 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2017, sexan aprobadas polas distintas administracións educativas e publicadas nos respectivos diarios oficiais nos exercicios de 2017 a 2019, axustaranse ás seguintes indicacións:

1. As probas da fase de oposición nos ditos procedementos cinguiranse ao disposto no artigo 21 do regulamento de ingreso, coa excepción do número de temas que serán extraídos ao azar polo tribunal. De entre estes temas o aspirante deberá desenvolver por escrito un, á súa elección. O número de temas extraídos, de forma proporcional ao número total de temas do temario de cada especialidade, axustarase aos seguintes criterios:

- a) Naquelas especialidades que teñan un número non superior a 25 temas, deberase elixir entre tres temas.
- b) Naquelas especialidades que teñan un número superior a 25 temas e inferior a 51, deberase elixir entre catro temas.
- c) Naquelas especialidades que teñan un número superior a 50 temas, deberase elixir entre cinco temas.

2. Na fase de concurso os baremos que fixen as convocatorias estruturaranse nos tres bloques que se indican a continuación, e as puntuacións máximas que se poden obter en cada un deles serán as seguintes:

– Experiencia previa: máximo, sete puntos.





- Formación académica: máximo, cinco puntos.
- Outros méritos: máximo, dous puntos.

Os aspirantes non poderán obter máis de 10 puntos pola valoración dos seus méritos.

Respecto ás especificacións a que se deben axustar os baremos de méritos nos procedementos selectivos de ingreso nos corpos docentes a que se refire o parágrafo primeiro da presente disposición, ateranse ao disposto no anexo I do regulamento, coa excepción da valoración da experiencia docente previa, para a cal se terá en conta un máximo de dez anos, cada un dos cales deberá ser valorado nunha soa das subepígrafes dese bloque conforme os seguintes criterios:

- Por cada ano de experiencia docente en especialidades do corpo a que opta o aspirante, en centros públicos: 0,700 puntos.
- Por cada ano de experiencia docente en especialidades de distintos corpos a que opta o aspirante, en centros públicos: 0,350 puntos.
- Por cada ano de experiencia docente en especialidades do mesmo nivel ou etapa educativa que o impartido polo corpo a que opta o aspirante, noutros centros: 0,150 puntos.
- Por cada ano de experiencia docente en especialidades de distinto nivel ou etapa educativa que o impartido polo corpo a que opta o aspirante, noutros centros: 0,100 puntos.

Enténdese por centros públicos os centros a que se refire o capítulo II do título IV da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, integrados na rede pública de centros creados e sostidos polas administracións educativas.

As convocatorias establecerán a puntuación correspondente a cada mes/fracción de ano de maneira proporcional á valoración total asignada a cada subepígrafe.

3. A puntuación global do concurso-oposición resultará da ponderación das puntuacións das fases de oposición e concurso, e será dun 60% para a fase de oposición e dun 40% para a fase de concurso”.

No Ministerio estase a tramitar unha modificación desta disposición transitoria, co obxecto de adaptala á Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018 e permitir que este réxime especial e





transitorio resulte aplicable aos procedementos selectivos de ingreso en execución de ofertas públicas de emprego aprobadas e publicadas nos exercicios 2018 a 2020.

3. A Orde do 24 de febreiro de 2020 pola que se convocan procedementos selectivos de acceso ao corpo de inspectores de educación, ao corpo de profesores de ensino secundario, ao corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas e ao corpo de profesores de artes plásticas e deseño, e de ingreso ao corpo de profesores de ensino secundario, ao corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas, ao corpo de profesores de música e artes escénicas, ao corpo de profesores de artes plásticas e deseño, ao corpo de profesores técnicos de formación profesional, ao corpo de mestres e procedemento de adquisición de novas especialidades polo persoal funcionario de carreira dos corpos de profesores de ensino secundario, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de música e artes escénicas, profesores de artes plásticas e deseño, profesores técnicos de formación profesional e mestres da Comunidade Autónoma de Galicia, publicouse no DOG do 13.03.2020.

A disposición adicional terceira do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, sinala “suspéndense termos e interrómpanse os prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público. O cómputo dos prazos renovarase no momento en que perda vixencia o presente real decreto ou, no seu caso, as prórrogas do mesmo”.

En virtude desta norma, o prazo de presentación de solicitudes acordado pola Orde do 24 de febreiro de 2020 quedou suspendido. Ademais, a Consellería anunciou que a fase de oposición deste proceso selectivo xa non ía ter lugar nos meses de xuño e xullo de 2020.

O artigo 9 do Real decreto 537/2020, do 22 de maio, polo que se prorroga o estado de alarma, acorda a derogación da disposición adicional terceira do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo e o levantamento da suspensión de termos e da interrupción dos prazos administrativos, con data de efectos do 01.06.2020.

4. A Consellería convocou á Mesa Sectorial para tratar cuestións respecto do proceso selectivo convocado pola Orde do 24 de febreiro de 2020. Acadouse consenso para adiar a fase de oposición, que ía ter lugar nos meses de xuño e xullo de 2020, e existe tamén certo consenso sobre non revogar ou desistir da convocatoria, pero non sobre a suspensión total do procedemento (incluído o prazo de presentación de instancias) ata o ano



2021, ou sobre adiar unicamente a fase de oposición ao ano 2021 e continuar a tramitación do procedemento (presentación de solicitudes e publicación das listas de persoas admitidas).

A petición de informe sostén que a cuestión máis importante é o que poida acontecer coa oferta pública de emprego correspondente ao ano 2021, pois as organizacións sindicais están interesadas en que esa eventual oferta se acumule ao proceso selectivo convocado pola Orde do 24 de febreiro de 2020, cuxa fase de oposición se adía para xuño e xullo de 2021, incluíndo, de ser o caso, un novo prazo de presentación de solicitudes.

A resposta da Consellería foi que esa posibilidade non ten amparo legal porque a Orde do 24 de febreiro de 2020 prevé un proceso selectivo consonte a disposición transitoria terceira do Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro, cuxas especialidades non se poden aplicar á oferta de emprego público para o ano 2021.

Para salvar este impedimento, a Consellería solicitou ao Ministerio unha modificación normativa que amparase a aplicación dese réxime especial e transitorio a unha oferta de emprego público aprobada para o ano 2021, malia que se esgotasen os límites da taxa de estabilización.

Porén, esa proposta de modificación foi rexeitada polo Ministerio. En síntese, ese organismo considera que a proposta da Consellería precisa de cobertura na lei de orzamentos e que a solución podería pasar por unha ampliación da oferta de emprego público no seu día aprobada para o 2020; pero nese informe o Ministerio non ten en conta que a Consellería non pode convocar máis prazas correspondentes a oferta pública do ano 2020 polas limitacións das taxas de reposición e estabilización.

A solicitude de informe somete á consideración da Asesoría Xurídica da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional a postura adoptada por este departamento na última reunión da Mesa Sectorial, que se concretou nos seguintes puntos:

-a Consellería non revogará o proceso selectivo convocado pola Orde do 24 de febreiro de 2020 pero si adiará a fase de oposición a xuño e xullo do ano 2021, continuado, co levantamento da suspensión dos prazos administrativos o 01.06.2020, a tramitación do procedemento (presentación das solicitudes e publicación das listas de persoas admitidas e excluídas).





-non se vai acumular a este proceso selectivo a oferta pública que puidese aprobarse para o ano 2021.

II. FUNDAMENTOS DE DEREITO

A base primeira da Orde do 24 de febreiro de 2020 pola que se convocan procedementos selectivos de acceso ao corpo de inspectores de educación, ao corpo de profesores de ensino secundario, ao corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas e ao corpo de profesores de artes plásticas e deseño, e de ingreso ao corpo de profesores de ensino secundario, ao corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas, ao corpo de profesores de música e artes escénicas, ao corpo de profesores de artes plásticas e deseño, ao corpo de profesores técnicos de formación profesional, ao corpo de mestres e procedemento de adquisición de novas especialidades polo persoal funcionario de carreira dos corpos de profesores de ensino secundario, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de música e artes escénicas, profesores de artes plásticas e deseño, profesores técnicos de formación profesional e mestres da Comunidade Autónoma de Galicia, no seu apartado 1.2 recolle a normativa aplicable aos mesmos:

“1.2. Normativa aplicable.

A estes procedementos selectivos seranlle de aplicación:

-A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

-A Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.

-O Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público.

-A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

-A Lei 17/1993, do 23 de decembro, sobre o acceso a determinados sectores da función pública dos nacionais dos demais Estados membros da Unión Europea.

-O Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro, modificado polo Real decreto 84/2018, do 23 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de ingreso, accesos e adquisición doutras especialidades nos corpos docentes a que se refire a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e se regula o réxime transitorio a que se refire a disposición transitoria décimo sétima da citada lei.

-A Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.





- O Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.
- A Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia.
- O Real decreto 1137/2002, do 31 de outubro, polo que se regulan os diplomas de español como lingua estranxeira.
- O Real decreto 240/2007, do 16 de febreiro, sobre entrada, libre circulación e residencia en España de cidadáns dos Estados membros da Unión Europea e doutros Estados parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo.
- O Real decreto 1834/2008, do 8 de novembro, polo que se definen as condicións de formación para o exercicio da docencia na educación secundaria obrigatoria, o bacharelato e a formación profesional e as ensinanzas de réxime especial e se establecen as especialidades dos corpos docentes de ensinanza secundaria.
- A Orde EDU/2645/2011, do 23 de setembro, pola que se establece a formación equivalente á formación pedagóxica e didáctica exixida para aquelas persoas que estando en posesión dunha titulación declarada equivalente para os efectos de docencia non poidan realizar os estudos de máster.
- A Orde ECD/1058/2013, do 7 de xuño, pola que se modifica a Orde EDU/2645/2011, do 23 de setembro, pola que se establece a formación equivalente á formación pedagóxica e didáctica exixida para aquelas persoas que estando en posesión dunha titulación declarada equivalente para os efectos de docencia non poidan realizar os estudos de máster.
- O Real decreto 665/2015, do 17 de xullo, polo que se desenvolven determinadas disposicións relativas ao exercicio da docencia na educación secundaria obrigatoria, o bacharelato, a formación profesional e as ensinanzas de réxime especial, á formación inicial do profesorado e ás especialidades dos corpos docentes de ensinanza secundaria.
- O Decreto 70/2017, do 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, e demais disposicións de aplicación xeral, así como o disposto nesta convocatoria.
- O Decreto 164/2019, do 12 de decembro (DOG núm. 248, do 31 de decembro), polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario dos corpos docentes que imparten ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, da Comunidade Autónoma de Galicia”.



Tendo en conta esta normativa, a postura adoptada pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional é totalmente coherente co ordenamento xurídico vixente.

A resposta do Ministerio do 25.05.2020 di que “o proxecto de modificación do Real decreto 276/2007 ten o seu fundamento legal na Lei de orzamentos xerais do Estado do 2018, cuxo artigo 19.un.9, ademais de manter o establecido no artigo 19.un.6 da Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2017, autoriza unha taxa adicional para a estabilización de emprego temporal. As ofertas de emprego que articulen estes procesos de estabilización, deberán aprobarse e publicarse nos respectivos Diarios Oficiais nos exercicios 2018 a 2020. E as prazas deberán convocarse no prazo improrrogable de tres anos, a contar desde a data da publicación da oferta de emprego público na que se inclúan as citadas prazas, de conformidade co disposto no artigo 70.1 do Estatuto Básico do Empregado Público.

O propósito da modificación do Real decreto 276/2007 é que as previsións da súa disposición transitoria terceira, introducida polo Real decreto 84/2018 (en virtude das previsións da Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2017), sexan aplicables, tamén, ás convocatorias derivadas das ofertas de emprego público publicadas de acordo coa Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, ata 2020. Desta maneira, todos os procedementos selectivos correspondentes ás taxas adicionais para estabilización de emprego temporal terán a mesma forma de realización e valoración, xa deriven da Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2017 ou da Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, pois todos forman parte do mesmo proceso de estabilización.

As previsións da prorrogada Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018 amparan unicamente as ofertas de emprego público de estabilización de emprego temporal aprobadas e publicadas ata 2020. As ofertas de emprego público de 2021, no seu caso, deberán ampararse nunha nova Lei de orzamentos xerais do Estado, se esta segue prevendo unha taxa adicional para estabilización do emprego temporal.

Cuestión distinta é que as convocatorias correspondentes ás ofertas de emprego público aprobadas en 2020 poidan publicarse nos tres anos seguintes, como se dixo, quedando incluídas no ámbito da disposición transitoria terceira do Real decreto 276/2007, unha vez aprobada a súa modificación.

Polo tanto, de conformidade co indicado, a pretensión desa Consellería quedaría resolta ampliando a oferta de emprego público no seu día aprobada para 2020 e que poderá materializar nas convocatorias dos tres anos





seguintes. A pretendida modificación do Real decreto 276/2007 ampliando a oferta de emprego público á de 2021, non sería suficiente para a pretensión invocada, pois precisa cobertura de rango legal na lei de orzamentos para o próximo exercicio, algo que non está nas facultades deste Ministerio o poder asegurar senón no Goberno e nas *Cortes Generales*”.

É dicir, coa modificación do Real decreto 276/2007 nos termos en que está redactado o proxecto que se me achegou, búscase que todos os procedementos selectivos correspondentes ás taxas adicionais para estabilización de emprego temporal teñan a mesma forma de realización e valoración, xa deriven da Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2017 ou da Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, pois todos forman parte do mesmo proceso de estabilización.

Pero dado que haberá que esperar á seguinte lei de orzamentos do Estado para ver se aproba novas taxas adicionais de estabilización de emprego temporal para o 2021, a solución que propón o Ministerio non é tal porque, precisamente, o problema é que coas ofertas aprobadas en 2018 e 2019 xa se acadaron as taxas de estabilización autorizadas.

En efecto, o Decreto 29/2018, do 22 de febreiro, polo que se aproba a oferta de emprego público para o ano 2018 e o Decreto 12/2019, do 7 de febreiro, polo que se aproba a correspondente ao ano 2019, ofertaron 1.247 prazas de persoal funcionario dos corpos docentes a que se refire a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, que non esgotaron as prazas que había que convocar de estabilización de emprego temporal.

Pero en virtude do Decreto 164/2019, do 12 de decembro, polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente ao ano 2020, e de conformidade co previsto no artigo 19.un.6 da Lei 3/2017, do 27 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2017, aprobáronse e publicáronse no DOG do 31.12.2019 as prazas de estabilización de emprego temporal pendentes de convocar. Ademais, coa finalidade de aprobar nun único decreto a oferta de emprego do persoal correspondente a prazas de persoal funcionario dos corpos docentes que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, cuxos procedementos selectivos se ían desenvolver durante o ano 2020, e que a estes lles fose de aplicación a mesma normativa, incluíronse nese decreto as prazas da taxa de reposición correspondentes as xubilacións e outras vacantes producidas no ano 2019.

En resumo, coa normativa en vigor non é posible acumular a oferta pública de emprego para o acceso aos corpos docentes regulados na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, correspondente ao ano 2020, coa que





eventualmente poida aprobarse para o ano 2021, pois xa se acadaron as taxas de estabilización de emprego temporal e, como ben sinalou o Ministerio, precísase unha lei de orzamentos do Estado para aprobar as ofertas de emprego público de estabilización de emprego temporal do 2021 en diante. En consecuencia, á eventual oferta do ano 2021 non se lle aplicaríase o réxime especial e transitorio previsto na disposición transitoria terceira do Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro.

É todo canto informo, sen prexuízo dun informe mellor fundado en Dereito.

Santiago de Compostela, 28 de maio de 2020

A letrada da Xunta de Galicia

Lorena Otero López

